



Nº Expediente: 2016/C006/000001

Asunto: Contrato administrativo especial de explotación da cafetería e anexos da área recreativa do paseo marítimo de Cedeira

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN (2)

APERTURA E CUALIFICACIÓN DOS SOBRES B: OFERTA ECONÓMICA E MELLORAS PRESENTADAS POLOS LICITADORES PARA A ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO DO SEGUINTE CONTRATO ADMINISTRATIVO ESPECIAL:

"EXPLOTACIÓN DA CAFETERÍA E ANEXOS DA ÁREA RECREATIVA DO PASEO MARÍTIMO DE CEDEIRA"

Importe do prezo mínimo: 600,00 € /ano sen IVE.

ASISTENTES:

PRESIDENTE:

D. Pablo Diego Moreda Gil, alcalde

VOGAIS:

Dona María José Rodríguez Pérez, concelleira.

Don Jorge Vidal Zapatero, Interventor do Concello

Dona Ana Velo Ruiz, Secretaria do Concello

Don José Camilo Casal García, concelleiro.

Don Agustín Martínez Docanto, arquitecto técnico municipal, en substitución do vogal D. Antonio Rodríguez Fabello

SECRETARIO:

Don Javier Zunzunegui Vázquez, funcionario do Concello, en substitución de M^a Montserrat Pérez Garrote, secretaria da Mesa de contratación.

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Cedeira (A Coruña), ás 12:30 horas do día 5 de xullo de 2016, constitúese a Mesa de Contratación integrada da forma sinalada, co obxecto de proceder á apertura dos sobros B: Oferta económica e melloras presentadas polos licitadores para a adxudicación mediante procedemento aberto do contrato administrativo especial anteriormente citado.

O Sr. presidente ordena a apertura dos sobros B presentados polos licitadores, obténdose o seguinte resultado:

LICITADORES	CANON ANUAL (sen IVE)	PUNTUACIÓN CANON ANUAL	MELLORAS	PUNTUACIÓN MELLORAS	TOTAL
Laura Gamundi López	601,00		Non ofrece	0	0
Ángel Sousa Piñón	1.234,20	5,00	*Colocación de tarima exterior co tipo de madeira esixible, segundo plano que se xunta na convocatoria, nos 40 m2 *Subministro e montaxe do peche perimetral de madeira, segundo o esixido na convocatoria, nos 30 m. lineais. *Reparación dos bancos exteriores en pino roxo *Colocación de tablón de 468x27x6 e 4 tiras de 50x12x6 esquinas. *Colocación de porta de pino roxo de 203x72x3,5 similar ás existentes. *Colocación de 2 mesas de 1940x95x45 de pino tratada en autoclave a vaciopresion contra carcoma e termitas con tablóns de 1940x95x45, con dous bancos por mesa.	21,00	26,00



Rey Foronda, S.C.	905,00	2,41	*Colocación tarima exterior de pino tratado en autoclave N4 *Arreglos dentro del local: - tablón de 468x27x6 y tiras de 50x12x6 esquinas - puerta pendiente rojo de 203x72x3,5 similar a las existentes - mesas de 1940x95x45 mesa de pendiente tratada en autoclave la vaciopresión contra carcoma y termitas, con tablonces de mínimo 1940x95x45, con dos bancos por mesa. *Arreglo de la cocina, para prestar un adecuado servicio de comidas.	14,00	16,41
-------------------	--------	------	--	-------	-------

Xúntase á presente acta como anexo, a táboa coas puntuacións desagregadas, de acordo cos criterios de adjudicación contidos nos Pregos de cláusulas administrativas particulares que rexen a presente licitación.

Unha vez vistos os resultados obtidos, a Mesa acorda:

1.- Propoñer ao órgano de contratación a adjudicación do contrato administrativo especial de "Explotación da cafetería e anexos da área recreativa do paseo marítimo de Cedeira" ao seguinte licitador, por ofrecer a oferta economicamente máis vantaxosa:

Licitador: ÁNGEL SOUSA PIÑÓN

Canon anual: 1.234,20 € euros máis o IVE correspondente calculado ao 21%

2.- Publicar no Perfil do contratante do Concello de Cedeira a presente acta; así como o requirimento da Alcaldía de presentación da documentación necesaria para continuar coa adjudicación, por parte do licitador proposto.

3.- Notificar ao licitador proposto o requirimento da Alcaldía de presentación da documentación necesaria para continuar coa adjudicación.

O presidente dá por rematada esta sesión ás 13:40 horas do expresado día, e estendo de todo isto a presente acta, do que eu, secretario da Mesa, dou fe.

